



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

→ (11)

Casamento padrona, filla e neta.

150.

1) Aló na terra de Lugho  
na montaña de Burón  
pasou un caso chocante  
que casou admiración.

(1)

IV 40

IV 11 a

2) Alf vivía unha patrona  
cunha filla e unha neta  
as tres estaban solteiras  
nunha casinha pequena.

3) Todas as tres teñen mozo  
todas se queren casar  
e maiormente a patrona  
xa non se pode aguantar.

Mazaricos IV, 2, Picota, Rosa 43 anos

CD 38, 11

(procedente de Aros)

Casamento padrona, filla e neta.

IV, 2,

4) Esa trataba cun vello  
medio xordo e xorobado  
pero era moi bonito  
porque tiña moitos cartos.

5) A filla era media bruxa  
e tamén tiña rapaz  
un xastre de mala morte  
que andaba polo lughar.

170.

6) A neta era moi novina  
tiña quince primaveras  
solo que tiña un defeto  
que era tortiña das pernas.



- 7) Esa tamén busca un mozo  
un ghallardo paraghñeiro  
que cando viña ó lugar  
poñíalle algún remendo.
- 8) Un día entre todos xuntos  
entre todos se acordaron  
casarse todos nun día  
para evitar moitos ghaustos.
- 9) A vella toda apurada  
foi xunto ó cura correndo  
antes que ningún dos novios  
cambiara de pensamento.

Boas tardes señor cura  
veñolle a preghuntar  
por facer tres casamentos  
canto nos vai a cobrar.

Un cóstalle trinta pesos  
e os tres valen noventa  
pero si son os tres xuntos  
rebaixareinlle da cuenta.

Mazariños IV, 2, Picota, Rosa 43 anos

CD 38, 11 c

Casamento padrona, filla e neta.

IV,2,

1' 50" Claro que son os tres xuntos  
e os tres no mesmo día  
caso eu e casase a neta  
e tamén se casa a filla.

Nunca i-outra tal se viu  
desde que eu son sacerdote  
tres casorios nunha casa  
debe ser señal de morte

Pois véñanse cando queiran  
que os caso de contado  
e como son os tres xuntos  
heille-los de facer barato.



2' 20'' De padriños e madriños  
servimos uns pra os outros  
e misa chéga-nos unha  
nós queremos rezar pouco.

200.

Un día de moito inverno  
fóronse para casar  
deixaron a casa sola  
ós rapaces do lughar.

Entráronlle na cocifa  
l'éváronlle a carne toda  
e o viño e as empanadas  
todo que tiñan pra boda.

Tocando cornos e latas  
cencerros e potes vellos  
foronse pra unha xestiera  
moi alegres e contentos.

Alí fixeron a festa  
e a conta dos casamentos,  
o viño andaba por cuncas,  
a carne por torombelos.

Mazaricos IV, 2, Picota, Rosa 43 anos

CD 38, 11 d

Casamento padrona, filla e neta.

IV, 2,

Volvamos ás tres parexas  
cando viñan de casar  
pensando na gran enchenta  
que se iban a tomar.

215.

Cando chegharon á casa  
toparon todo barrido  
ni o bolete nin a ovella  
nin o pelexo do viño.



Quen sería o ghalopín  
tan ladrón e desalmado  
dixeron os matrimonios  
todos a un tempo chorando.

Pero a conta foi despois  
ó chegha-los invitados  
topan as portas pechadas,  
os matrimonios chorando.

3' 41" 45 Que vos pasa meus amighos  
dixolle un dos invitados  
que vos vexo todos tristes  
como perdidos chorando.

Que é o que nos vai pasar  
dixo a tía Micaela  
mentres nos fomos casar  
levaronno-la ovella.

230.

O viño e o pan de trigo  
e empanadas e paella  
e non levaron á casa  
que non pudefiron con ela.

Ó ver eso os invitados  
todos de mala maneira  
déronse a volta prá casa  
ca barrighiña valdeira.